

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	VIGO
Edificio	Igrexa de San Pedro de Matamá
Dirección	Rúa dos Canteiros, 95. 36213
Localización	Torre-campanario
Nombre	Maior.
Medidas (cm)	Diámetro (en cm) 102 Bordo Altura do bronce Peso aproximado (en quilogramos)614 kg
Fundidor	FELICIANO
Ano de fundición	1870
Descricion	Campá maior pendurada do oco frontal da torre-campanario. Fundida en 1870 por Feliciano. No terzo ten a típica inscrición en Galicia "IHS ? MARIA ? JOSE ? 1870 ?". O anagrama de Xesús, que deberon escribir "IH?", corresponde á abreviatura de IH?Y?, e escríbese usualmente como IHS. Outra variante JHS procedería do latín, aínda que a segunda letra é o Eta ou E longa grega. Foi introducido como devoción por San Bernardino de Siena. O seu significado é polivalente: para uns é o inicio do nome de Xesús en grego, para outros son as siglas latinas de IESVS HOMO SALVATOR (XESÚS SALVADOR DO HOME). No medio presenta outra inscrición "OFFICIUM EST NOBIS ? POPULUM CONVOCARE ? IMPLORARE PRO DEFUNCTIS ? ET PIUM ZELUM EXCITARE ?" (É deber noso convocar ao pobo, implorar polos defuntos e despertar un fervor piadoso). Por último, no pé remata coa inscrición: "EXPENSIS POPULI DIVI PETRI MATAMÁ" (A expensas do pobo de Matamá). Con respecto ao fundidor, creemos que é de orixe portugués, dada a súa cercanía a Vigo pero sobre todo pola súa decoración e o Cristo en relevo, obras que por Galicia só fixeron os mestres fundidores portugueses nesta época.
Fotos	6
Toques	
Conservación, mantemento	
Protección	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	28-02-2026

Folla completa da campá: [Maior. Igrexa de San Pedro de Matamá - VIGO](#)

PDF (13-07-2026)